

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de xaneiro de 2020**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.30 horas do día 23 de xaneiro de 2020, reúnese a comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 12 DE DECEMBRO DE 2019.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 12 de decembro de 2019.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 12 de decembro de 2019, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D.ª Montserrat Lama Nóvoa, portavoz de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, indica que tiveron coñecemento pola prensa da posibilidade de explotación termal do Pazo Provincial e de que este se puidese converter nun futuro hotel balneario. Indica que, en principio, a idea lles gusta en canto á situación e viabilidade, se ben solicitan máis información sobre esta cuestión.

A **presidenta da comisión** indica que actualmente se están realizando estudos e que en canto se teñan conclusións se contestará á pregunta formulada.

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que ía formular unha pregunta na mesma liña que a anterior. Recorda que o Plan de Termalismo de Galicia do ano 2014 non prevé que o Pazo Provincial sexa susceptible de desenvolver desde o punto de vista termal, se non que se centra no ámbito e no contorno do río Barbaña e do antigo cárcere. Curiosamente o alcalde de Ourense recentemente indicou que a este inmovible pode ir o Centro Asociado á UNED de Ourense, polo que pide que se lle aclare esta cuestión e se ambos están relacionados.

A **presidenta da comisión** indica que o inmovible do antigo cárcere é de competencia municipal e que sobre iso a Deputación Provincial non ten nada que dicir.

D. José Miguel Caride Domínguez, portavoz de Democracia Ourensana, aclara que o destino do antigo cárcere non está nin moito menos decidido e que o comentario do alcalde sobre a situación do Consorcio Asociado á UNED é unha das ideas que se están barallando e que, en todo caso, é dubidoso que o dito inmovible, polos estudos realizados poida ter un destino termal.

D. Jorge Pumar Tesouro, do Grupo Popular, sinala que hai máis ou menos un ano, cando el ostentaba as competencias de termalismo no Concello, asinouse un convenio coa Dirección Xeral de Minas da Xunta de Galicia para realizar estudos sobre o caudal termal en distintas zonas de Ourense. O dito estudo, realizado por Geocisa, analizou principalmente os caudais da zona da Burga de Arriba, da Burga de Abaixo e do Xardín das Burgas, e nese estudo concluíuse que a zona do cárcere non é o mellor sitio polo volume do caudal termal que ten, xa que non valería para un hotel balneario, aínda que si para outros usos termais, ademais engade que ao estar nunha zona BIC segundo o PXOM de Ourense, calquera intervención no inmovible sería bastante difícil, engade que a idea do Pazo Provincial pode ser unha gran noticia para a cidade, se ben aínda se está na fase inicial dos estudos.

A **presidenta da comisión** informa aos membros da comisión de que no Boletín Oficial da Provincia, do 30 de decembro de 2019, saíron publicadas as bases de termalismo social para o ano 2020. Recorda que é un programa que se iniciou no ano 2013 con 5 balnearios adheridos e 474 solicitudes e que foi crescendo exponencialmente ao longo dos anos e que contou en 2019 con 7 balnearios adheridos e unha participación récord de 4.041 solicitudes. Engade ademais que nos primeiros 20 días do ano 2020 xa se recibiron 1483 solicitudes. Engade que precisamente nestes días, en FITUR, o Presidente vai asinar o convenio anual con Renfe que facilitará os desprazamentos á nosa provincia desde 40 cidades de España.

E, ás 17.45 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.